

A nova coñeceuse na Asemblea Xeral celebrada o pasado 21 de xuño en Marsella

A AELG entra a formar parte da Confederación de Escritores Europeos-Federación de Asociacións Europeas de Escritores

(30-Xuño-2009)



A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) ven de ser confirmada como membro da EWC-FAEE A.I.S.B.L. (Confederación de Escritores Europeos – Federación de Asociacións Europeas de Escritores), na Asemblea Xeral que tivo lugar o pasado 21 de xuño de 2009 en Marsella.

Xunto coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, ingresaron na EWC-FAEE A.I.S.B.L. a Asociación Europea de Escritores Die KOGGE e. V. de Alemaña; a Asociación de Escritores Daneses, de Dinamarca; a Unión de Escritores Bielorrusos, de Bielorrusia; a Asociación de Escritores Eslovenos, de Eslovenia, e a Academia da Lingua Maltesa, de Malta.

Esta Federación agrupa 63 asociacións de escritores de máis de trinta países europeos, representando a máis de sesenta mil autores e tradutores. O EWC defende a diversidade de literaturas e o recoñecemento do papel dos escritores e escritoras dentro da cultura europea. Do mesmo modo, avoga pola necesidade común de salvagardar os dereitos dos creadores, tanto morais como económicos, na era dixital.